

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

II PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA MACHISTA

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN DO PREMIO II PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA MACHISTA.

Primeira.- Definición.

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión do premio de xornalismo ético no tratamento e comunicación da violencia de xénero e vicaria, consistentes nunha compensación en metálico para a persoa gañadora.

Este galardón pretende premiar a aqueles ou aquelas profesionais do xornalismo que, ademais de informar, o saiban facer con ética, fuxindo do sensacionalismo e tendo coidado coa intimidade das vítimas e das persoas superviventes máis vulnerables. Tamén daquelas persoas que, con valentía, atendan a esta secuela do patriarcado e do machismo como se merece: sinalando a súa profunda raíz e alentando a toda a sociedade a arrincala de vez.

Sesé Mateo (Chapela, Redondela 1965-2017) foi unha muller feminista e militante na defensa das liberdades básicas para os seres humanos, de calquera raza e condición. Foi asasinada en 2017 pola súa exparella, nun crime que deixou, ademais, sen fogar á súa familia durante meses.

A loita do Grupo de Apoio á Familia Mateo (colectivo creado polas súas amigas que organizou actividades para a recadación de fondos para a rehabilitación da súa vivenda) e, posteriormente, doutro grupo de mulleres activistas culturais que colaboraron co seu fillo, Joshua Alonso Mateo, na edición do libro póstumo dos seus poemas *No camiño do vento*, fixo que este crime machista non fose un mero número máis, senón que movese algúns marcos sociais inxustos e indecentes. O seu proxecto *No camiño do vento* xerou fondos económicos que foron integramente doados ao Fondo de Becas para as orfas e orfos de violencia machista da Fundación Mujeres. Coa creación deste premio queremos seguir abrindo camiños no ámbito dos medios de comunicación. Entendemos que estas noticias deben formar parte da axenda mediática, pero deben lograr un tratamento correcto da violencia de xénero e vicaria para que a difusión de valores contra a violencia sexan clave na prevención a través da sensibilización.

A figura de Sesé Mateo inspira esta convocatoria por ser o seu caso un dos máis mediáticos de Galicia. Así consta no estudo asinado pola xornalista Belén Puñal Rama que aparece ao



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

final do libro No camiño do vento. Queda moito por mellorar aínda no ámbito do xornalismo con respecto ao tratamento da violencia en xeral e da violencia contra as mulleres e as súas crianzas en particular.

Segunda.- Obxecto.

O obxecto das presentes bases e convocatoria é o establecemento do II Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista que acollerá traballos de calquera xénero xornalístico (noticias, artigos de opinión, reportaxes, etc.) sen límite de extensión e que fosen publicados, en medios en papel ou dixitais, ou emitidos en medios de comunicación radiofónicos ou audiovisuais, entre o 1 de setembro de 2021 e o 31 de agosto de 2022.

Terceira.- Importe do premio e compatibilidade.

O galardón consistirá nun único premio dunha cantidade en metálico.

O crédito global do que se dispón para o outorgamento deste premio será de 1.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2311B/4890001 do vixente orzamento municipal.

O pagamento realizarase por medio dunha transferencia bancaria ao número de conta que se indique mediante certificación do número de conta bancaria expedido pola entidade financeira de cada participante que resultase premiado/a unha vez se publique a resolución da Alcaldía de concesión do premio de referencia. A entrega efectuarase nun acto público organizado polo Concello de Redondela.

O pagamento do premio estará suxeito á normativa fiscal aplicable en cada caso. Na contía do premio concedido incluírase calquera tipo de tributo que proceda. Se for o caso de que o pagamento se faga a través de factura, a persoa premiada expedirá a mesma unha vez aprobada a resolución de concesión e polo importe que se conteña nesa. Na factura deberá constar como concepto “II Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista 2022”

O traballo premiado poderase presentar a outras convocatorias realizadas dentro do ámbito da comunidade autónoma ou ben a calquera outro convocado dentro do Estado.

Cuarta.- Requisitos.

Poderanse presentar aqueles e aquelas xornalistas, maiores de idade, que asinen noticias co requisito sinalado na primeira destas bases.

Poderán presentar tamén propostas e candidaturas os xornais, radios ou televisións. Neste caso, de resultar premiado o traballo, a beneficiaria e quen recibirá o premio será a persoa autora do traballo.

Só se poderá presentar un traballo por persoa. No caso de coexistir un traballo presentado polo/a autor/a e outro ou o mesmo dese/a autor/a proposto/a por calquera entidade, prevalecerá



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

a candidatura do/a autor/a, rexeitándose a presentada polo xornal, radio ou televisión, respectándose así a Lei de propiedade intelectual (RDL 1/1996, do 12 de abril).

Os traballos presentaranse en lingua galega ou castelá, valorándose con maior puntuación os realizados en lingua galega por ser o seu uso minoritario no ámbito xornalístico.

Quinta.- Características dos traballos.

Establécese unha única categoría, sen límites de extensión, e os traballos deberon ser publicados ou emitidos en medios de comunicación radiofónicos ou audiovisuais:

- a) Medio escrito (diarios, revistas ou medios dixitais acreditados).
- b) Radio.
- c) Televisión.

No caso de que o xurado considere que ningún traballo presentado alcanza un nivel mínimo, poderase declarar o premio deserto. Tamén existe a posibilidade de outorgar o premio a varios traballos ex aequo; neste caso o importe do premio repartirase a partes iguais.

Sexta.- Documentación.

Os traballos que se queiran presentar a concurso faranse chegar ao Concello no prazo indicado xunto coa solicitude de participación (Anexo I) dirixida ao Concello de Redondela na que constará o nome, NIF/CIF, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico da persoa concursante ou, no seu caso, de quen propoña, de forma que se permita a rápida localización das persoas que asinan os traballos concorrentes.

A presentación da solicitude para participar nesta convocatoria supón a aceptación incondicional destas bases.

Poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, en horario do Rexistro de Entrada (09:00 a 14:00 horas), ou nos lugares que sinala o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre os cales se atopa a Sede Electrónica do Concello de Redondela.

No caso de non presentar a solicitude no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa ou entidade aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: igualdade@redondela.gal, e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da solicitude na que conste o rexistro de entrada e a documentación que achegue, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas ou entidades admitidas.

En calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa ou á entidade participante que achegue información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta valoración da solicitude presentada.



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

Sétima.- Prazos de solicitude.

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela, no taboleiro electrónico e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. O prazo para a presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 30 de setembro de 2022.

Oitava.- Criterios obxectivos.

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva, polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e convocatoria e adjudicar os premios segundo as puntuacións conferidas.

VALORACIÓN DOS TRABALLOS:

Exponse un sistema de puntuación que parte dunha puntuación inicial de 0 ata o máximo de 10 puntos por candidatura.

Descartarase automaticamente a candidatura que empregue información, linguaxe ou material sensacionalista ou morboso.

Os criterios de valoración son os seguintes:

CONCEPTO	PUNTOS
Uso da lingua galega.	1
Visibilización das formas de violencia de xénero.	1
Continuidade espazo temporal, se o traballo está incluído nunha programación con continuidade.	1
Difusión de recursos de prevención, atención e denuncia en caso de situación de violencia, con mención específica aos recursos públicos e privados existentes na área de influencia do traballo.	1
Tratamento adecuado da información referente ás vítimas e contextualización con profesionais especializados/as que aporten rigor e obxectividade profesional ao traballo.	1
Valoración do xurado referente ao contido.	5

Novena.- Xurado.

O xurado que avaliará os traballos presentados estará composto por:



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

PRESIDENTA: a Concelleira de Igualdade ou quen se designe por resolución expresa da Alcaldía.

4 VOGAIS: persoas vencelladas ao Concello de Redondela e do ámbito do xornalismo e/ou da cultura.

SECRETARIO/A: con voz e sen voto, que será o/a funcionario/a do servizo de igualdade do Concello de Redondela ou quen se designe por resolución expresa da Alcaldía.

Décima.- Resolución.

Despois da avaliación dos traballos, o tribunal trasladará a súa proposta e resolverá o premio concedido. O/a Secretario/a do mesmo recollerá en acta a resolución adoptada. A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Redondela, e segundo o resultado ditaminado polo xurado, formulará, mediante resolución da Alcaldía, a concesión do premio de referencia. A resolución publicárase no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Redondela, así como será notificada á persoa beneficiaria. O prazo para resolver o procedemento de concesión do premio será de tres meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria.

Décimo primeira.- Recursos.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición tras o transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

Décimo segunda.- Obrigas e dereitos da persoa beneficiaria.

A persoa beneficiaria do galardón fará depósito do seu traballo no Concello de Redondela durante un prazo de tres meses, dende a data na que se faga efectivo o galardón, que pode coincidir ou non coa data da gala de entrega do premio, a partir do cal, poderá proceder a retiralo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:4B4SX13H551P3W2P



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

O Concello fará exposición e uso do traballo premiado, nun lugar destacado de calquera das dependencias municipais, así como a divulgación do nome da persoa gañadora ou beneficiaria nos medios habituais e do seu traballo. A persoa beneficiaria deberá colaborar, no posible e sempre que non lle supoña ningún prexuízo, coa divulgación do galardón.

Décimo terceira.- Publicidade do procedemento da concesión do premio.

A concesión do premio publicarase na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Así mesmo, cando algunha das subvencións concedidas a unha persoa beneficiaria sexa superior a 3.000,00 euros procederase á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dun extracto de acordo de concesión das subvencións, indicando os lugares onde se atopa exposto e o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión será exposto durante 30 días na páxina web do Concello de Redondela (www.redondela.gal), onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Décimo cuarta.- Protección de datos.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 99 do 23 de maio de 2008 e Bases Reguladoras e Convocatoria da Subvención para a concesión do II Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista.

De conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámoslle de que este Concello é responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña.

A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao domicilio electrónico: dpd@redondela.gal.

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
II PREMIO SESÉ MATEO DE XORNALISMO ÉTICO NO TRATAMENTO DA VIOLENCIA MACHISTA	Solicitud (Anexo I)

Referencia (a cubrir pola Administración)

Cumprimentar no caso de ser a persoa autora quen presenta o traballo.

Don/dona con número de NIF ,
con enderezo postal ,
número de teléfono e enderezo electrónico .

Cumprimentar no caso de ser representante dun medio de comunicación.

Don/dona
con número de NIF en calidade de representante do medio de
comunicación , con
número de CIF , con enderezo postal ,
número de teléfono
e enderezo electrónico
, sendo a persoa
autora do traballo que se presenta
 con NIF
.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 4B4SX3H551P3W2P



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

EXPÓN:

- Que acepta, despois de ler e coñecer, as Bases e convocatoria do *II Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista*.
- Que os datos indicados na solicitude son certos.
- Que declara que a persoa autora do traballo que se presenta está ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda da Xunta.

SOLICITA:

A participación no *II Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista* co traballo denominado

publicado en na data .

Documentación que se achega:

- Solicitude (anexo I).
- Traballo presentado.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria para da Subvención para a concesión do premio *II Premio Sesé Mateo de Xornalismo Ético no tratamento da violencia machista*.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopan vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 4B4SX3H551P3W2P



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, de de 2022.

Asinado:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA



BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DE LA SUBVENCIÓN PARA LA CONCESIÓN DEL PREMIO II PREMIO SESÉ MATEO DE PERIODISMO ÉTICO EN EL TRATAMIENTO DE LA VIOLENCIA MACHISTA.**Primera.- Definición.**

Las presentes bases y convocatoria tienen por objeto establecer los criterios y el procedimiento para la concesión del premio de periodismo ético en el tratamiento y comunicación de la violencia de género y vicaria, consistentes en una compensación en metálico para la persona ganadora.

Este galardón pretende premiar a aquellos o aquellas profesionales del periodismo que, además de informar, lo sepan hacer con ética, huyendo del sensacionalismo y siendo cuidadosos y cuidadosas con la intimidad de las víctimas y de las personas supervivientes más vulnerables. También de aquellas personas que, con valentía, atiendan a esta secuela del patriarcado y del machismo como se merece: señalando su profunda raíz y alentando a toda la sociedad a arrancarla de una vez.

Sesé Mateo (Chapela, Redondela 1965-2017) fue una mujer feminista y militante en la defensa de las libertades básicas para los seres humanos, de cualquier raza y condición. Fue asesinada en 2017 por su expareja, en un crimen que dejó, además, sin hogar a su familia durante meses.

La lucha del Grupo de Apoyo a la Familia Mateo (colectivo creado por sus amistades que organizó actividades para la recaudación de fondos para la rehabilitación de su vivienda) y, posteriormente, de otro grupo de mujeres activistas culturales que colaboraron con su hijo, Joshua Alonso Mateo, en la edición del libro póstumo de sus poemas *No camiño do vento*, hizo que este crimen machista no fuese un mero número más, sino que moviese algunos marcos sociales injustos e indecentes. Su proyecto *No camiño do vento* generó fondos económicos que fueron íntegramente donados al Fondo de Becas para las huérfanas y huérfanos de violencia machista de la Fundación Mujeres. Con la creación de este premio queremos seguir abriendo caminos en el ámbito de los medios de comunicación. Entendemos que estas noticias deben formar parte de la agenda mediática, pero deben lograr un tratamiento correcto de la violencia de género y vicaria para que la difusión de valores contra la violencia sean clave en la prevención a través de la sensibilización.

La figura de Sesé Mateo inspira esta convocatoria por ser su caso uno de los más mediáticos de Galicia. Así consta en el estudio firmado por la periodista Belén Puñal Rama que aparece al final del libro *No camiño do vento*. Queda mucho por mejorar aún en el ámbito del periodismo con respecto al tratamiento de la violencia en general y de la violencia contra las mujeres y sus hijos e hijas en particular.

Segunda.- Objeto.

El objeto de las presentes bases y convocatoria es el establecimiento del II Premio Sesé Mateo de Periodismo Ético en el tratamiento de la violencia machista que acogerá trabajos de cualquier género periodístico (noticias, artículos de opinión, reportajes, etc.) sin límite de extensión y que



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

hayan sido publicados, en medios en papel o digitales, o emitidos en medios de comunicación radiofónicos o audiovisuales, entre el 1 de septiembre de 2021 y el 31 de agosto de 2022.

Tercera. Importe del premio y compatibilidad.

El galardón consistirá en un único premio de una cantidad en metálico.

El crédito global del que se dispone para el otorgamiento de este premio será de 1.500,00 euros, con cargo a la partida presupuestaria 2311B/4890001 del vigente presupuesto municipal.

El pago se realizará por medio de una transferencia bancaria al número de cuenta que se indique mediante certificación del número de cuenta bancaria expedido por la entidad financiera de cada participante que haya resultado premiado/a una vez se publique la resolución de la Alcaldía de concesión del premio de referencia. La entrega se efectuará en un acto público organizado por el Concello de Redondela.

El pago del premio estará sujeto a la normativa fiscal aplicable en cada caso. En la cuantía del premio concedido se incluirá cualquier tipo de tributo que proceda. Si fuese el caso de que el pago se haga a través de factura, la persona premiada expedirá la misma una vez aprobada la resolución de concesión por el importe que se contenga en ella. En la factura deberá constar como concepto "II Premio Sesé Mateo de Periodismo Ético en el tratamiento de la violencia machista 2022".

El trabajo premiado se podrá presentar a otras convocatorias realizadas dentro del ámbito de la comunidad autónoma o bien a cualquier otro convocado dentro del Estado.

Cuarta.- Requisitos.

Se podrán presentar aquellos y aquellas periodistas, mayores de edad, que firmen noticias con el requisito señalado en la primera de estas bases.

Podrán presentar también propuestas y candidaturas los periódicos, radios o televisiones. En este caso, de resultar premiado el trabajo, la beneficiaria y quien recibirá el premio será la persona autora del trabajo.

Sólo se podrá presentar un trabajo por persona. En caso de coexistir un trabajo presentado por el/la autor/a y otro o el mismo de ese/a autor/a propuesto/a por cualquier entidad, prevalecerá la candidatura del/a autor/a, rechazándose la presentada por el periódico, radio o televisión, respetándose así la Ley de propiedad intelectual (RDL 1/1996, del 12 de abril).

Los trabajos se presentarán en lengua gallega o castellana, valorándose con mayor puntuación los realizados en lengua gallega por ser su uso minoritario en el ámbito periodístico.



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

Quinta.- Características de los trabajos.

Se establece una única categoría, sin límites de extensión, y los trabajos debieron ser publicados o emitidos en medios de comunicación, radiofónicos o audiovisuales:

- a) Medio escrito (diario, revistas o medios digitales acreditados).
- b) Radio.
- c) Televisión.

En caso de que el jurado considere que ningún trabajo presentado alcanza un nivel mínimo, se podrá declarar el premio desierto. También existe la posibilidad de otorgar el premio a varios trabajos ex aequo; en este caso el importe del premio se repartirá a partes iguales.

Sexta.- Documentación.

Los trabajos que se quieran presentar a concurso se harán llegar al Concello en el plazo indicado junto con la solicitud de participación (Anexo I) dirigida al Concello de Redondela en la que constará el nombre, NIF/CIF, dirección postal, teléfono y correo electrónico de la persona concursante o, en su caso, de quien proponga, de forma que se permita la rápida localización de las personas que firman los trabajos concurrentes.

La presentación de la solicitud para participar en esta convocatoria supone la aceptación incondicional de estas bases.

Podrá presentarse en el Registro General del Concello de Redondela, en horario del Registro de Entrada (09:00 a 14:00 horas), o en los lugares que señala el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, entre los cuales se encuentra la Sede Electrónica del Concello de Redondela.

En el caso de no presentar la solicitud en el registro o en la sede electrónica del Concello de Redondela, la persona o entidad aspirante deberá dirigir al correo electrónico: igualdade@redondela.gal, y con anterioridad a final del plazo, una copia de la solicitud en la que conste el registro de entrada y la documentación que aporte, para los efectos de que pueda ser incluida en la relación de personas o entidades admitidas.

En cualquier fase del procedimiento anterior a la propuesta de resolución se podrá requerir a la persona o a la entidad participante que aporte información y documentación complementaria que se considere conveniente para la correcta valoración de la solicitud presentada.

Séptima.- Plazos de solicitud.

Estas bases y convocatoria se publicarán en la página web del Concello de Redondela, en el tablón electrónico y en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra. El plazo para la presentación de solicitudes comenzará a partir del día siguiente al de la publicación del extracto



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra y finalizará el 30 de septiembre de 2022.

Octava.- Criterios objetivos.

El procedimiento de otorgamiento de estas subvenciones es el de concurrencia competitiva, por lo que su concesión se realizará mediante la comparación de las solicitudes presentadas con la finalidad de establecer una prelación entre ellas de acuerdo con los criterios de valoración previamente fijados en estas bases y convocatoria y adjudicar los premios según las puntuaciones conferidas.

VALORACIÓN DE LOS TRABAJOS:

Se expone un sistema de puntuación que parte de una puntuación inicial de 0 hasta el máximo de 10 puntos por candidatura.

Se descartará automáticamente la candidatura que emplee información, lenguaje o material sensacionalista o morboso.

Los criterios de valoración son los siguientes:

CONCEPTO	PUNTOS
Uso de la lengua gallega.	1
Visibilización de las formas de violencia de género.	1
Continuidad espacio temporal, si el trabajo está incluido en una programación con continuidad.	1
Difusión de recursos de prevención, atención y denuncia en caso de situación de violencia, con mención específica a los recursos públicos y privados existentes en el área de influencia del trabajo.	1
Tratamiento adecuado de la información referente a las víctimas y contextualización con profesionales especializados/as que aporten rigor y objetividad profesional al trabajo.	1
Valoración del jurado referente al contenido.	5

Novena.- Jurado.

El jurado que evaluará los trabajos presentados estará compuesto por:

PRESIDENTA: la Concejala de Igualdad o quien se designe por resolución expresa de Alcaldía.

4 VOCALES: personas vinculadas al Concello de Redondela y del ámbito del periodismo y/o de la cultura.



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

SECRETARIO/A: con voz y sin voto, que será el/la funcionario/a del servicio de igualdad del Concello de Redondela o quien se designe por resolución expresa de Alcaldía.

Décima.- Resolución.

Después de la evaluación de los trabajos, el tribunal trasladará su propuesta y resolverá el premio concedido. El/la Secretario/a del mismo recogerá en acta la resolución adoptada. La Alcaldesa-Presidenta del Concello de Redondela, y según el resultado dictaminado por el jurado, formulará, mediante resolución de la Alcaldía, la concesión del premio de referencia. La resolución se publicará en el tablón de edictos y en la página web del Concello de Redondela, así como será notificada a la persona beneficiaria. El plazo para resolver el procedimiento de concesión del premio será de tres meses contados a partir del día siguiente a la fecha de finalización del plazo de presentación de solicitudes para tomar parte en la convocatoria.

Décimo primera.- Recursos.

Contra este acuerdo, que agota la vía administrativa, podrá interponerse recurso potestativo de reposición, ante el mismo órgano que dictó el acto, en el plazo de un mes desde el día siguiente al de su notificación, de acuerdo con lo establecido en el artículo 124.1 de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, o bien directamente recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado Contencioso-Administrativo de Vigo, dentro del plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de su notificación, de conformidad con los artículos 8.1 y 46.1 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción Contencioso-Administrativa.

De interponerse el recurso potestativo de reposición, este se resolverá y notificará en el plazo de un mes según establece el artículo 124.2 de la citada Ley 39/2015, entendiéndose desestimado el recurso de reposición tras el transcurso del mencionado plazo sin resolución expresa notificada, pudiendo entonces las personas interesadas interponer recurso contencioso-administrativo dentro del plazo de seis meses contados desde el día siguiente a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado el recurso de reposición interpuesto, de acuerdo con el artículo 46.1 y 4 de la Ley 29/1998.

Décimo segunda.- Obligaciones y derechos de la persona beneficiaria.

La persona beneficiaria del galardón hará depósito de su trabajo en el Concello de Redondela durante un plazo de tres meses, desde la fecha en la que se haga efectivo el galardón, que puede coincidir o no con la fecha de la gala de entrega de los premios, a partir de lo cual, podrá proceder a retirarlo.

El Concello hará exposición y uso del trabajo premiado, en un lugar destacado de cualquiera de las dependencias municipales, así como la divulgación del nombre de la persona ganadora o beneficiaria en los medios habituales y de su trabajo. La persona beneficiaria deberá colaborar,



dentro de lo posible y siempre que no le suponga ningún perjuicio, con la divulgación del galardón.

Décimo tercera.- Publicidad del procedimiento de la concesión del premio.

La concesión del premio se publicará en la página web del Concello de Redondela y en el Tablón de Anuncios de la Casa del Concello. Así mismo, cuando alguna de las subvenciones concedidas a una persona beneficiaria sea superior a 3.000,00 euros se procederá a la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra de un extracto de acuerdo de concesión de las subvenciones, indicando los lugares donde se encuentra expuesto y su contenido íntegro. En todo caso, el acuerdo de concesión será expuesto durante 30 días en la página web del Concello de Redondela (www.redondela.gal), donde se recogerá la convocatoria, el crédito presupuestario, la persona beneficiaria, la cantidad concedida y la finalidad o finalidades de la subvención.

Décimo cuarta.- Protección de datos.

Legitimación del Concello para el tratamiento de datos personales: Ordenanza General de Subvenciones del Concello de Redondela publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra núm. 99 del 23 de mayo de 2008 y Bases Reguladoras y Convocatoria de la Subvención para la concesión del II Premio Sesé Mateo de Periodismo Ético en el tratamiento de la violencia machista.

De conformidad con lo establecido en el Reglamento 2016/679 del 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos, le informamos de que este Concello es responsable del tratamiento y guardia de los datos aportados en la instancia y en la documentación que le acompaña.

La finalidad del tratamiento de los datos es la gestión de este procedimiento.

Los datos personales no serán comunicados a un tercero, a no ser que deban facilitarse en cumplimiento de una obligación legal.

Los datos serán conservados el tiempo necesario para poder llevar a cabo el registro y las acciones para las que se le solicitó el consentimiento.

Puede retirar el consentimiento, en el caso de que lo otorgara, en cualquier momento, pudiendo ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición y potabilidad, cuando este último legalmente proceda, enviando una comunicación al domicilio electrónico: dpd@redondela.gal

Así mismo, se le informa del derecho para presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

PROCEDIMIENTO	DOCUMENTO
II PREMIO SESÉ MATEO DE PERIODISMO ÉTICO EN EL TRATAMIENTO DE LA VIOLENCIA MACHISTA	Solicitud (Anexo I)

Referencia (a cubrir por la Administración)

Cubrir en el caso de ser la persona autora quien presenta el trabajo.

Don/doña con número de NIF
, con dirección postal
,
número de teléfono y correo electrónico

Cubrir en el caso de ser representante de un medio de comunicación.

Don/doña
con número de NIF en calidad de representante del medio de comunicación , con número de CIF , con dirección postal , número de teléfono
 y correo electrónico
, siendo la persona autora del trabajo que se presenta con NIF

Podé verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:4B4SX3H551P3W2P



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

EXPONE:

- Que acepta, después de leer y conocer, las Bases y convocatoria del *II Premio Sesé Mateo de Periodismo Ético en el tratamiento de la violencia machista*.
- Que los datos indicados en la solicitud son ciertos.
- Que declara que la persona autora del trabajo que se presenta está al corriente con la Seguridad Social, Hacienda del Estado y Hacienda de la Xunta.

SOLICITA:

La participación en el *II Premio Sesé Mateo de Periodismo Ético en el tratamiento de la violencia machista* con el trabajo denominado

publicado en

en la fecha

Documentación que se presenta:

- Solicitud (anexo I).
- Trabajo presentado.

Legitimación del Concello para el tratamiento de datos personales: Ordenanza General de Subvenciones del Concello de Redondela publicada en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 99 del 23 de mayo de 2008 y Bases y convocatoria para la Subvención para la concesión del premio *I Premio Sesé Mateo de Periodismo Ético en el tratamiento de la violencia machista*.

De conformidad con lo establecido en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales y su normativa de desarrollo y al Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), así como de las disposiciones en materia de Protección de Datos que se encuentren vigentes durante el período de vigencia de estas bases, lo informamos de que este Concello es el responsable del tratamiento y guardia de los datos presentados en la instancia e en la documentación que le acompaña. La finalidad del tratamiento de los datos es la gestión de este procedimiento.



Mércores, 31 de agosto de 2022

Núm. 166

Los datos personales no serán comunicados a un tercero, a no ser que deban facilitarse en cumplimiento de una obligación legal.

Los datos serán conservados el tiempo necesario para poder llevar a cabo el registro y las acciones para las que se le solicitó el consentimiento.

Puede retirar el consentimiento, en el caso de que lo otorgara, en cualquiera momento, pudiendo ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición y portabilidad, cuando este último legalmente proceda, enviando una comunicación al correo electrónico: dpd@redondela.gal

Se le informa del derecho para presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mismo, de conformidad con lo establecido en la letra d) del apartado 2 del artículo 15 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, los interesados podrán hacer constar en su solicitud su derecho a que non se hagan públicos sus datos cuando la publicación de los datos del beneficiario en razón del objeto de la subvención pueda ser contraria al respeto y salvaguardia del honor y a la intimidad personal y familiar de las personas físicas en virtud de lo establecido en la Ley Orgánica 1/1982, del 5 de mayo, de Protección civil del derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen, y sea previsto en su normativa reguladora.

Redondela, de de 2022.

Firmado:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

